



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL “EMILIA PARDO BAZÁN, 100 ANOS DESPOIS”

Don Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991

Don Victor Fernández Freixanes, con NIF 35239369B, en virtude do seu cargo de presidente da Real Academia Galega (CIF Q1568003F), actuando en nome e representación da entidade

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Real Academia Galega consideran de interese público realizar accións conxuntas con motivo da conmemoración do centenario do pasamento en Madrid de Emilia Pardo Bazán.

A Real Academia Galega, titular da “Casa-Museo Emilia Pardo Bazán”, como herdeira, por legado testamentario de Blanca Quiroga Pardo-Bazán, da casa da escritora, co seu mobiliario e obxectos, da súa biblioteca e o seu arquivo, que se custodia na súa sede de Tabernas, 11, pretende sumarse aos actos que en Galicia conmemorarán ese centenario, organizando un Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”, continuación dos Simposios e Congresos que, promovidos pola RAG, tiveron lugar en A Coruña en 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.



Xacobeo 2021





A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Real Academia Galega teñen un interese común e coincidente na realización do Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Real Academia Galega para a realización do Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”.

A previsión é celebrar o os días 25, 26, 27, 28 e 29 de outubro de 2021 durante cinco días, de luns a venres, en horario de mañá e de tarde, coincidindo co traslado á Coruña da Exposición sobre Pardo Bazán da Biblioteca Nacional.

- Tres xornadas na sede da Real Academia Galega (RAG) (luns, martes e mércores en horario de mañá e tarde.
- Unha xornada na sede da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Unha xornada na sede do Consello da Cultura Galega (CCG) en Santiago de Compostela.

En principio, contéplanse dúas modalidades de celebración, que, segundo as circunstancias e condicións imperantes no momento, poderán ser alternativas ou complementarias.

a) Modalidade presencial e telemática: tendo en conta as incertezas que rodean a toda viaxe internacional, propónse que o congreso combine as intervencións ‘presenciais’ coas realizadas por vía telemática.

As sesións terán lugar na sede coruñesa da RAG e nas sedes da USC e do CCG en Santiago de Compostela. Nestas sesións intervirán os participantes residentes en Europa e estarían abertas ao público (previamente inscrito). Para os participantes residentes noutros países europeos ou americanos as sesións serían telemáticas.





Para garantir o bo desenvolvemento do encontro, preténdese solicitar a quen opte pola vía telemática o envío da gravación da súa intervención por adiantado. Se as condicións e os horarios o permiten, poderíase prever a súa participación telemática nos debates posteriores.

b) Modalidade só telemática: se as circunstancias e condicións sanitarias impedisen realizar o congreso cos procedementos convencionais, todas as sesións realizaríanse por vía telemática, de modo que as intervencións de relatores e comunicantes se producirían dende os seus respectivos lugares de residencia ou traballo; os demais intervenientes e os asistentes inscritos seguiríanas on line, por streaming, ou a través das plataformas usuais (ZOOM, TEAMS...).

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrencia, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Financiamento.

O custo total estimado das actuacións previstas no convenio ascende a un total de 24.600,00 €.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 12.000 €, para o que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 10.40.432B.640.0, proxecto 2015 370.

A Real Academia Galega achegará con cargo aos seus fondos a cantidade restante.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe de 24.600,00 €, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

TERCEIRA.- A Real Academia Galega





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

galicia

A Real Academia Galega será a entidade organizadora que ademais contará con entidades colaboradoras (Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega).

A RAG comprométese, baixo a súa exclusiva responsabilidade, a realizar todas as xestións necesarias e formalizar os negocios xurídicos necesarios para a cesión de espazos pola Universidade de Santiago de Compostela, en cuxa sede se celebrará a cuarta xornada do congreso. Os gastos xerados por esa xornada serán asumidos pola RAG.

A RAG comprométese, baixo a súa exclusiva responsabilidade, a realizar todas as xestións para realizar as xestións e formalizar os negocios xurídicos necesarios co Consello da Cultura Galega para a cesión de espazos e organización polo Consello da quinta xornada que terá lugar na súa sede. Os gastos xerados da quinta xornada serán axumidos polo Consello da Cultura Galega.

A Real Academia Galega deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

CUARTA.- A Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia colaborará nos custos derivados da realización do Congreso “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”. O importe máximo a asumir pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ascende a 12.000 €.

QUINTA.- Xustificación dos gastos e pagamento.



Xacobeo 2021





A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a correspondente achega a Real Academia Galega presentará electronicamente, coa data límite do 15 de decembro de 2021, a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2021 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

A Real Academia Galega responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

QUINTA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Real Academia Galega acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.





Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e do Real Academia Galega. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas as dúas partes poderán utilízalos nun futuro indistintamente.

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

En calquera caso a Real Academia Galega poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

SEXTA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou a persoa en quen delegue, e polo presidente da Real Academia Galega ou a persoa que designe en substitución.





OITAVA.- Modificación denuncia e rescisión do convenio

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

NOVENA.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector





público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura

electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable e xurisdición

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**

galicia

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha

notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Román Rodríguez González

Pola Real Academia Galega

Victor Fernández Freixanes



Xacobeo 2021

